

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DO INTERIOR

**12892** *Real decreto 1069/2015, do 27 de novembro, polo que se modifica o Regulamento dos procesos selectivos e de formación no Corpo Nacional de Policía, aprobado polo Real decreto 614/1995, do 21 de abril.*

A Lei orgánica 9/2015, do 28 de xullo, de réxime de persoal da policía nacional, introduciu substanciais modificacións no réxime estatutario dos funcionarios da institución policial. Unha parte moi relevante das ditas modificacións refírese aos sistemas de ascenso por promoción interna dos policías nacionais, co obxectivo de establecer unha carreira profesional que, estando orientada ás necesidades da organización, sirva tamén ao lexítimo interese dos funcionarios por progresar nela.

Segundo as previsións recollidas no título VIII da referida lei orgánica, mediante normas de rango regulamentario deberanse desenvolver algúns dos aspectos máis relevantes e novos da carreira profesional e da promoción interna dos funcionarios da Policía Nacional, materias que na actualidade veñen reguladas no Regulamento dos procesos selectivos e de formación no Corpo Nacional de Policía, aprobado polo Real decreto 614/1995, do 21 de abril, cuxo contido se viu superado en moitos aspectos pola nova regulación.

En relación con esta cuestión, criterios básicos de técnica normativa aconsellarían a elaboración dun novo regulamento que recolla de maneira integral todos os puntos da regulación. Non obstante, cuestións de urxencia relacionadas tanto con necesidades da operativa policial, singularmente a elevada taxa de xubilacións dos membros integrados na categoría de comisario principal, así como outras relativas á implantación real e efectiva dos principios de igualdade, mérito, capacidade e antigüidade nos procesos selectivos, fan necesaria a abordaxe parcial neste momento dalgunhas das reformas acollidas na referida Lei orgánica 9/2015, do 28 de xullo.

Así, e coa finalidade de dotar de máis virtualidade o dereito á carreira profesional, con fundamento na referida lei orgánica, ampliáanse as situacións administrativas en que se poden encontrar os policías nacionais para poderen participar nos procesos de promoción interna, estendéndose desde a situación de servizo activo ou de servizos especiais ás de excedencia por coidado de familiares, reagrupación familiar ou excedencia por razón de violencia de xénero.

Igualmente, e para dar unha maior eficacia aos anteriormente referidos principios de igualdade, mérito, capacidade e antigüidade, incorporouse a previsión do artigo 41.1 da Lei orgánica 9/2015, do 28 de xullo, referida á posibilidade de ascender a todas as categorías por calquera das dúas modalidades, isto é: antigüidade selectiva e concurso-oposición. Esta nova configuración rompe coa limitación actual establecida no ata agora vixente regulamento dos procesos selectivos e de formación no Corpo Nacional de Policía, que só permite ascender por concurso-oposición á categoría de oficial de policía e por antigüidade selectiva, con determinadas variacións que agora igualmente se suprimen para dotar o proceso dun carácter realmente selectivo, á de comisario principal.

Así mesmo, o punto 2 do mesmo artigo remite ao desenvolvemento regulamentario a determinación da porcentaxe de vacantes reservadas tanto a concurso-oposición como a antigüidade selectiva nos procesos de promoción interna. Pois ben, como queira que, segundo se expuxo, no vixente regulamento non se considera a dobre modalidade para os ascensos a todas as categorías, neste real decreto establécense as ditas porcentaxes en relación cos ascensos a oficial de policía e a comisario principal.

Por outra banda, o artigo 42 da norma estatutaria fixa o tempo mínimo na categoría que deberán reunir os aspirantes que desexen concorrer ás probas de ascenso pola modalidade de concurso-oposición, que se establece en dous anos e, vía regulamentaria,

regularanse os tempos mínimos de permanencia en cada categoría. Así, unha vez analizadas as necesidades da corporación, definiuse un prazo de permanencia de sete anos como comisario para poder optar ao ascenso a comisario principal.

Así mesmo, e co obxecto de flexibilizar as condicións da promoción interna por antigüidade selectiva para beneficiar a carreira profesional do policía nacional, incorporáronse ao presente real decreto as previsións da Lei orgánica 9/2015, do 28 de xullo, relativas ao incremento de dous a tres do número máximo de convocatorias en que se poderá participar por antigüidade selectiva.

Pola súa parte, na disposición transitoria primeira, establécese a moratoria dun ano para a existencia do curso de formación profesional de actualización requirido nos ascensos que se leven a cabo pola modalidade de antigüidade selectiva ás categorías de oficial de policía e comisario principal. Esta disposición encóntrase motivada na vontade de que a previsión normativa de existencia do referido curso se implante progresivamente co fin de evitar as tensións organizativas e persoais que unha implantación inmediata podería supor.

Finalmente, a disposición transitoria terceira determina, de maneira provisional, o número máximo de comisarios principais mentres se fixen os cadros de persoal regulamentarios de acordo co previsto no artigo 44 da Lei orgánica 9/2015, do 28 de xullo, número que non poderá exceder o existente en 1 de xullo de 2015, data de culminación do último proceso selectivo á citada categoría.

Este real decreto recibiu informe do Consello de Policía, de conformidade co previsto no artigo 94.2.j) da Lei orgánica 9/2015, do 28 de xullo.

Na súa virtude, por proposta do ministro do Interior, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 27 de novembro de 2015,

DISPOÑO:

**Artigo único.** *Modificación do Regulamento dos procesos selectivos e de formación no Corpo Nacional de Policía, aprobado polo Real decreto 614/1995, do 21 de abril.*

O Regulamento dos procesos selectivos e de formación no Corpo Nacional de Policía, aprobado polo Real decreto 614/1995, do 21 de abril, queda modificado como segue:

Un. O punto 2 do artigo 14 queda redactado do seguinte modo:

«2. As citadas modalidades serán aplicables a todos os ascensos do modo seguinte:

- a) De policía a oficial de policía, un terzo das vacantes por antigüidade selectiva e os dous terzos restantes por concurso-oposición.
- b) Desde oficial de policía ata comisario principal, dous terzos das vacantes por antigüidade selectiva e o terzo restante por concurso-oposición.

Nos casos en que da aplicación destas cotas resulten restos, estes incrementarán as vacantes da modalidade de antigüidade selectiva.»

Dous. O artigo 15 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 15. *Requisitos de participación.*

Para tomar parte nos procesos selectivos de ascenso, por calquera modalidade de promoción interna, con independencia dos requisitos que se establezan nos artigos seguintes, os aspirantes deberán reunir o día de expiración do prazo para a presentación das solicitudes os seguintes:

- a) Encontrarse na policía nacional na categoría inmediatamente inferior a que se aspira, nalgunha das seguintes situacións administrativas: servizo activo, servizos especiais, excedencia por coidado de familiares, excedencia voluntaria por agrupación familiar ou excedencia por razón de violencia de xénero.

b) Alcanzar unha puntuación mínima, unicamente no grupo de méritos referido ao historial profesional, de acordo co baremo que se determine.

c) Carecer no expediente persoal de anotación non cancelada por falta moi grave ou grave.

Para os ditos efectos, cando os funcionarios teñan incoado ou se lles incoe expediente disciplinario, a admisión a procedementos de promoción interna, a permanencia neles e a consolidación dos ascensos, no caso de superarse os correspondentes procesos selectivos, quedarán condicionados a que, nos indicados expedientes, non se produza a imposición a aqueles de sancións por faltas graves ou moi graves.»

Tres. Suprímese o punto 2 do artigo 16 e o seu punto 1 pasa a ser único.

Catro. Suprímese o segundo parágrafo do punto 3 do artigo 17.

Cinco. O artigo 18 queda redactado da maneira seguinte:

«Artigo 18. *Formación profesional de actualización.*

Ademais do establecido no artigo precedente, nos ascensos que se leven a cabo pola modalidade de antigüidade selectiva, os aspirantes deberán ter realizado con anterioridade ao proceso de promoción un curso que será programado polo órgano encargado da formación na Dirección Xeral da Policía, en colaboración coas institucións pertinentes, que se poderá desenvolver, indistintamente, a distancia ou de presenza no centro docente.»

Seis. Engádese unha letra e) ao artigo 19:

«e) Para comisario principal, sete anos.»

Sete. O punto 1 do artigo 21 queda redactado do seguinte modo:

«1. O número máximo de convocatorias en que se poderá participar na modalidade de antigüidade selectiva será de tres. Entenderase utilizada e, polo tanto, computable a convocatoria, a quen, tendo sido admitido á realización das probas, non compareza, salvo por causa debidamente xustificada, apreciada polo director xeral da Policía.»

Oito. Suprímese o segundo parágrafo da letra a) do artigo 26.

Disposición transitoria primeira. *Réxime transitorio de exixencia do curso de formación profesional de actualización.*

O curso de formación profesional de actualización requirido nos ascensos que se leven a cabo pola modalidade de antigüidade selectiva a que se refire o artigo 18 exixirase, para os ascensos ás categorías de oficial de policía e comisario principal, unha vez transcorrido un ano desde a entrada en vigor deste real decreto.

Disposición transitoria segunda. *Aplicación aos procesos selectivos en curso.*

As probas selectivas e os cursos de formación ou capacitación xa iniciados antes da entrada en vigor do presente real decreto rexeranse pola normativa anterior.

Disposición transitoria terceira. *Fixación do cadro de persoal de comisarios principais.*

Mentres non se fixen os cadros de persoal regulamentarios de acordo co previsto no artigo 44 da Lei orgánica 9/2015, do 28 de xullo, o número de comisarios principais non poderá exceder o existente o 1 de xullo de 2015, cifrado en cento cincuenta e seis efectivos.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do establecido no artigo 149.1.29.<sup>a</sup> da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de seguridade pública.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 27 de novembro de 2015.

FELIPE R.

O ministro do Interior,  
JORGE FERNÁNDEZ DÍAZ